

## MEUS QUERIDOS REIS MAGOS

### Certame de Cartas aos Reis

Tendo en conta a grande cantidade de candidatos e candidatas a facer de paxes dos Reis Magos na súa visita anual á cidade de Lugo;

Tendo en conta que o número de prazas de paxes non é tan grande coma o das nenas e nenos que desexan ocupalas,

A Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua convoca un certame de cartas aos Reis Magos, e establece como premio para cada un dos autores e autoras das que sexan seleccionadas un POSTO DE PAXE na Cabalgada de Reis do ano 2012.

O certame rexerese polas seguintes

#### BASES

1) Poderán participar todas as nenas e nenos que o desexen, con tal de teren unha idade comprendida entre os 9 e os 12 anos. Cada concursante poderá enviar só unha carta.

2) O contido e a forma das cartas son libres, pero todas deberá empezar co encabezamento “**Meus queridos Reis Magos**”. Poderanse presentar manuscritas ou mecanografadas por unha soa cara, nunha única folla de papel de tamaño DIN A4. Ao dorso da carta faranse constar o nome e apelidos, o enderezo e o teléfono do autor ou autora, así como o nome da nai, do pai ou da persoa que exerza a potestade, que deberá asinar tamén en proba de que autoriza a participación na cabalgada no caso de que o/a concursante sexa seleccionado/a.

3) As cartas deberanse presentar, a nome dos Reis Magos, na Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Casa do Concello, Praza Maior, 27001 LUGO, antes do día 22 de decembro do 2011. A presentación das cartas pode facerse persoalmente ou ben mandándoas por correo postal.

3) A Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, de acordo coa representación diplomática en Lugo das Casas Reais dos Magos de Oriente, designará un Xurado que seleccionará un total de 20 cartas, cuxas autoras e autores gañarán o dereito a exercer de paxes na Cabalgada dos Reis en Lugo que terá lugar o día 5 de xaneiro do 2012. Os vestidos que usarán serán os proporcionados pola Concellería.

4) O nome dos autores e autoras seleccionados farase público con antelación suficiente na web do Concello de Lugo ([www.lugo.es](http://www.lugo.es)), así como noutros medios de comunicación. Ademais, os premiados e as premiadas, ou os seus representantes legais, recibirán unha chamada telefónica para comunicarlles o seu premio.

5) As autoras e autores premiados presentaranse no Auditorium Municipal Gustavo Freire, no Parque da Milagrosa, o día 5 de xaneiro do 2012 ás 16:00 da tarde, onde serán atendidos polo persoal lucense ao servizo dos Reis Magos, que lles axudará a vestirse e lles dará instrucións sobre como desempeñar o seu importante traballo.